

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 27 de xuño de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(622).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(623).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓN AO FOMENTO DO FÚTBOL BASE DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO. EXPTE. 15139/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/06/16, dáse conta do informe-proposta do 21/06/16, do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Servizo xestor do expediente: Turismo e Deportes

Emprego dos recursos: Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo

Contía: 145.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Comisión Informativa.

Antecedentes

Memoria xustificativa de suplementar a dotación orzamentaria prevista nominativamente no orzamento aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de decembro de 2015.

Resolución do Sr. Alcalde Presidente da Corporación incoando o expediente de modificación orzamentaria.

Solicitud da Concellalía de Deportes de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para a finalidade prevista.

Normativa Aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 8 de xuño de 2016, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (32/2016), que está conformado da seguinte documentación: Memoria xustificativa dos servizos que ceden o crédito e do que vai facer a súa aplicación, ponde de relieve a importancia da canteira no proxecto da Fundación, que ven desenvolvendo dende a súa constitución como Fundación no ano 1996. O proxecto de fútbol de base engloba seis categorías.

Orzamento do programa a desenvolver do deporte base.

Solicitud de tramitación da da preceptiva modificación orzamentaria.

En relación coa xustificación da tramitación do expediente, a mesma queda acreditada na memoria xustificativa de inicio do expediente. Faise constar a dispoñibilidade dos créditos e o seu consentimento para un emprego alternativo que o inicialmente previsto.

O orzamento vixente na aplicación orzamentaria 3410.4890016 ten unha dotación de 125.000,00 euros, resulta insuficiente para facer fronte ao proxecto.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 32/2016 por unha contía de 145.000,00 euros, para facer fronte ao Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e Fundación Celta de Vigo, para o desenvolvemento do programa de deporte base que forma parte da documentación que conforma o expediente.

A modificación orzamentaria nº 32/2016 incorporada ao expediente 15139/333 confórmase dun suplemento de Crédito por unha contía de 145.000,00 euros.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 8 de xuño de 2016

A modificación orzamentaria financiarase con cargo a diminución doutra aplicación orzamentaria, que resulta reducible, facéndose constar na memoria asinada a posibilidade de redución.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Empregos				Recursos			
Aplicación	C. Inicial	Suplemento	C. definitivo	Aplicación	C. Inicial	Baixa	C. definitivo
3410.4890016	125000	145000	270000	4320.2279905	250000	145000	105000

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Contra a aprobación definitiva da concesión de Suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(624).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2016-2017”, CONVENIO DE COLABORACIÓN E BASES DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS. EXPTE. 258/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/06/16 e o informe de fiscalización do 17/06/16, dáse conta do informe-proposta do 23/06/16, do director técnico de Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

Con data 19 de abril emítese informe de necesidade do técnico de deportes.

Con data 22 de abril o Concelleiro delegado de Deportes dicta resolución de inicio de expediente.

Con data 27 de maio realízase informe do contido do programa así coma as bases de selección das Entidades Colaboradoras.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local artigo 25 2.1) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembo de, de racionalización e Sostenibilidade da administración Local.

Lei 5/1997, de administración local de Galicia artigo 80.2. n) , actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.

Lei 10/1990 , do 15 de outubro , do Deporte.

Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover, e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.

Lei 15/2015, do 24 de decembro.

3. CONTIDO XERAL DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHEGATE AO DEPORTE 2016-2017”

A Concellería de Deportes, ten como obxectivo principal a Promoción e difusión do Deporte no eido da cidade de Vigo, co obxecto de dar cumprimento a lexislación sectorial específica en materia de deporte. Co fin de fomentar e difundir a promoción do deporte na iniciación deportiva propónse a realización do Programa Municipal de Escolas deportivas “Achégate ao deporte 2016-2017”, vinculado as entidades deportivas da Cidade as cales son o vehículo de dinamización do deporte dentro do tecido socio deportivo. A través das cales se dá cumprimento ao programa a través dun convenio marco de Colaboración deste xeito dinamízase a actividade deportiva no entorno dos Entes deportivos. As entidades deportivas son a orixe da actividade deportiva e polo tanto a administración debe complementar dentro do ámbito das súas competencias a función subsidiaria que lle corresponde. No obstante as entidades que participen no Programa deben cumprir uns requisitos xerais mínimos para poder formar parte do mesmo, tales como.

- Que veñan desenvolvendo con anterioridade e regularidade as súas propias escolas e contén con medios humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.
- Estar arraigadas no tecido social do entorno ou vinculación con él.
- As entidades deportivas que participan reúnen uns criterios mínimos de calidade para o desenvolvemento e ampliación da súa propia oferta deportiva.
- Cumplir cos requisitos administrativos que permita ter relacións coa administración e que permita recibir as aportacións correspondentes obxecto do convenio.

Os obxetivos xerais que se pretenden co programa son os seguintes:

- Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.
- Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se propoñen nas idades que abrangue o programa.
- Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.
- Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.
- Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.
- Mellorar a calidade docente.
- Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.
- Potenciar e promover o traballo das Entidades na promoción das súas modalidades deportivas.
- Dinamizar a prevención da saúde d@s deportistas.
- Fomentar hábitos deportivos saudáveis e actitude n@s nen@s dende as primeiras idades.
- Dinamizar a práctica deportiva cara a súa práctica na idade adulta

Co fin de alcanzar estes obxectivos o Programa Municipal de Escolas Deportivas para o período 2016-2017, desenvolverá os seguintes apartados:

1. *Escolas deportivas, de iniciación e perfeccionamento, a traves das entidades deportivas do tecido asociativo*
2. *Dinamización de actividades a través de tres Proxectos: "Gañamos todos", "Educa" e "Falemos co Alcalde".*
3. *Programas de iniciación deportiva,. Novas demandas. Cursos de iniciación deportiva.*
4. *Desenvolvemento de actividades puntuais lúdico recreativas como : festa do día do patín, festa do día da ximnasia rítmica, festa do Deportes de Combate, torneos de nadal, xornada de nadal de portas abertas o deporte.*
5. *Desenvolvemento de competicións internas como: competición de minibalonman, competición de fútbol 7, competición de baloncesto- liga linco, liga xl linco e outras que se determinen coas mesmas características.*
6. *Xogo e competición deportiva. Vigo en xogo. Competicións deportivas recreativas.*
7. *Deporte para discapacitados físicos e psíquicos.*
8. *Desenvolvemento de actividades formativas para os monitores das escolas deportivas.*
9. *Promover a continuidade do traballo realizado nas escolas deportivas das entidades*

O desenvolvemento do Programa realizarase mediante a sinatura dun Convenio marco de Colaboración segundo se adxunta no informe das bases do mesmo.

4.- FINANCIAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE AO DEPORTE 2016-2017.

Para o desenvolvemento orzamentario do Programa para a tempada 2016-2017 realizarase con cargo a partida 3420.226.09.01 cuxo importe ascende a 300.000,00 euros.

Para o desenvolvemento, plantéxase a necesidade de recursos económicos para poder afronta-lo desenvolvemento dos proxectos de convenios de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades colaboradoras como compensación polas contraprestacións que as mesmas aportan de forma indirecta o proxecto xeral e que ademais sirva esta contraprestación económica como colaboración a financiación das necesidades das entidades para poder garantiza-la calidade do programa e facilita-la accesibilidade o maior número de nenos e nenas interesados en iniciarse nalgunha modalidade das ofertadas.

Tendo en conta estas características, planteanse as seguintes cantidades económicas como base para o desenvolvemento do proxecto, tendo en conta os gastos realizados no ano 2015-2016 cun número de alumnos matriculados de 4230:

Gastos do Programa Municipal de Escolas deportivas período 2015-2016:

Gastos en recursos xerais	
• Seguro de cobertura médica (anual):	17.795,00 €
• Material clausura de escolas:	14.372,00 €
• Material Deportivo de escolas (estimación)	14.000,00 €
• Libro de información programa de escolas:	8.080,20 €
Convenios coas entidades deportivas:	
• Período: Outubro / Decembro 2015:	69.907,50 €
• Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2016:	75.825,10 €
• Período: Abril /maio 2016 (estimación):	50.550,06 €
Totais:	
• Gastos de recursos xerais:	54.247,20 €
• Gastos en convenios coas entidades:	196.282,66 €
Total:	250.529,86 €

Programa Municipal de Escolas Deportivas. Cantidades a aportar para os Convenios no o período de 2015-2016.

- Escolas programa anual	5,20 €/alumno mes.
- Módulos grupos especiais	104,00€/mes
- Colaboración de Técnicos deportivos na coordinación das Escolas Deportivas.	390,65€/técnico/mes.

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2016-2017.

Para o Programa Municipal de Escolas deportivas 2016-2017 propónse un aumento da aportación económica para os Convenios, pasando de 5,20 €/alumno mes a 6.00 €/alumno mes, e o correspondente aumento nos módulos pasando de 104,00 €/mes a 120,00 €/mes, o que supón un aumento na aportación dun 15.3 %. O que suporía un aumento dende o importe de 196.282,66 € do Programa 2015-2016 ata unha cantidade estimada de 226.313,90 €. O importe para a colaboración de Técnicos deportivos na coordinación das Escolas Deportivas manterase nos 390,65 €/mes.

O apartado de costes xerais do programa (seguros de accidentes, publicidade, material deportivo e regalos promocionais) que corresponde con 54.247,20 €, so se vería afectado por unha estimación de aumento na inscrición en relación co número total de inscritos no ano 2015-2016.

Tendo en conta que a inscrición pode aumentar con motivo da solicitude de novas modalidades deportivas ou aumento de entidades deportivas solicitantes, estímase esta previsión nun aumento nun máximo 5 %, e tendo en conta os datos dos últimos anos en

función o número de alumnos participantes (en 2010-2011 un total de 4.091, en 2011/12 un total de 3.940, en 2013-2014 un total de 3.850 e en 2014-2015 un total de 3.945 e en 2015-2016 4.230), e da totalidade de prazas ofertadas en todo o Programa Municipal en torno a 4.441 inscritos.

Un aumento de este 5 % suporía un importe total na aportación económica para os Convenios de 237.629,59 €, e un importe de 56.959,56 € para os gastos xerais, o que sería un total de 294.589,15 €. Esta cantidade está dentro do importe destinado na partida orzamentaria de “escolas deportivas” 3420.226.09.01 que no ano 2016 recolle 300.000,00 €.

Plantéxase a seguinte previsión de gastos en función da tempada proposta nesta memoria, tendo en conta que sempre é unha previsión estimativa que pode sufrir variacións en función da demanda que exista, e entendendo que o número máximo de inscritos que ten o programa é de 5.000. O total das certificacións relativas a estes convenios non poderá superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria, informándose coa relación de certificacións do crédito dispoñible

Co motivo do carácter plurianual do Programa Municipal de Escolas deportivas entre 2016-2017, para a aportación económica dos convenios cas Entidades deportivas dos meses correspondentes de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio dentro dos presupostos de 2017 corresponderá a un importe estimado de 148.518,45 € .

Visto o que antecede os costes previstos atendendo aos gastos realizados no curso 2015-2016 e as previsións de 5.000 alumnos, estimada, para o curso 2016-2017 son os seguintes:

	Presuposto 2016	Presuposto 2017		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro (coas referencia de 2015)	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar,Abril,Maio)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2017. (Previsión Programa 2017-2018)
TOTAL 2016-2017	89.111,14 €	148.518,45 €	56.959,56 €	89.111,07 €
TOTAL Programa	294.589,15 €			

5. – PROPOSTA

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, e tendo en conta os informes xurídico e fiscalización do expediente, a aprobación de:

PRIMEIRO: Aprobación do Programa Municipal de Escolas deportivas Achegate ao Deporte 2016-2017 cos seus anexos, o seu Convenio marco de Colaboración e as bases de presentación de proxectos, para o ano 2016-2017.

SEGUNDO: Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe de 89.111,14 € con imputación ó orzamento para o actual ano 2016, e de 148.518,45 € con cargo ó presuposto do ano 2017 nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio, de 89.111,07 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro, e de 56.959,56 € para os gastos xerais do Programa , unha vez aprobados pola xunta de goberno para sufraga-los gastos derivados da execución do Programa Municipal de Escolas deportivas para a tempada 2016-2017. O que fai un importe total do Programa de 294.589,15 euros.

	Presuposto 2016	Presuposto 2017		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2015	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar,Abril,Maio)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2017. (Previsión Programa 2017-2018)
TOTAL 2016-2017	89.111,14 €	148.518,45 €	56.959,56 €	89.111,07 €
TOTAL Programa	294.589,15 €			

Acordo:

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.